

Boletín CAIA 32

XULLO 2026

Plataforma da Infancia e ACNUR presentan propostas para implementar o Pacto Europeo de Migración e Asilo con enfoque da infancia

A Plataforma da Infancia e ACNUR presentaron un documento conxunto con recomendacións dirixidas ás administracións públicas para que a implementación en España do Pacto Europeo de Migración e Asilo (PEMA) sitúe no centro dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes refuxiados e migrantes.

Ambas organizacións salientan que o principio do interese superior do menor debe ser prioritario e transversal na aplicación das novas normativas migratorias, garantindo plenamente a Convención sobre os Dereitos do Neno para non reducir os estándares de protección actuais.

Entre as principais demandas destacan a necesidade de acelerar a representación legal dos e das menores non acompañados/as, facilitar información adaptada á súa idade e asegurar o acceso universal á educación, sanidade e una acollida digna. Así mesmo, advirten sobre o perigo de aplicar medidas privativas de liberdade á infancia por motivos migratorios, reclamando que se prioricen sempre alternativas reais de acollemento ofrecendo a súa colaboración ás institucións para supervisar que a transición ao novo pacto realizase respectando os seus dereitos.



“Os sistemas de IA afectan os nenos e nenas sen que se nos pregunte que pensamos”

A publicación de Cidades Amigas da Infancia aborda o impacto da intelixencia artificial e as novas tecnoloxías na vida dos nenos, nenas e adolescentes, recollendo tanto as súas percepcións como os seus reclamos directos.

Aínda que a infancia recoñece o potencial da IA para potenciar a creatividade e facilitar a aprendizaxe, tamén alerta sobre os riscos asociados, como a desinformación, os prexuízos dos algoritmos ou os perigos para a privacidade. Por iso, os propios mozos e mozas esixen ser escoitados no desenvolvemento e regulación destas ferramentas, mentres que a organización fai un chamamento para que o deseño de tecnoloxía garanta sempre a súa seguridade, benestar e os seus dereitos fundamentais.

O acceso á vivenda compromete o futuro dunha xeración.

O artigo de Cidades Amigas da Infancia aborda os graves problemas e barreiras que enfronta a mocidade para acceder a unha vivenda digna e emanciparse.

Sinalase que o elevado prezo do alugueiro, a precariedade laboral e a falta de vivenda pública accesible impiden que gran parte dos mozos e mozas poidan independizarse, o que impacta de xeito directo no seu desenvolvemento persoal e benestar emocional.

Ante esta situación, faise un chamamento ás administracións públicas para que implementen políticas eficaces e promovendo axudas reais que garantan o dereito a un fogar para a tódalas persoas novas.



A Plataforma de Infancia reúne por primeira vez a observatorios de infancia autonómicos para avanzar na mellora dos datos do sistema de protección.

A Plataforma de Infancia reuniu por primeira vez a representantes dos distintos observatorios de infancia autonómicos co obxectivo principal de coordinar esforzos e mellorar a recollida de datos sobre o sistema de protección á infancia en España.

Durante este encontro, os participantes abordaron a necesidade de contar con estatísticas máis precisas, homoxeneizadas e actualizadas que reflictan a realidade dos nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade ou baixo medidas de protección. As organizacións participantes coincidiron en que dispoñer de información clara e compartida entre as diferentes comunidades autónomas é un paso fundamental para diagnosticar os problemas actuais, avaliar o impacto das medidas vixentes e deseñar políticas públicas moito máis eficaces e adaptadas ás necesidades reais dos menores.



Voces xoves fronte a crise climática na LCOY 2026

O pasado mes de xuño celebrouse en Llanes, Asturias un encontro da **Local Conference of Youth (LCOY)**, xoves activistas, co obxectivo de elaborar el National Youth Statement, un documento participativo que reúne propostas, obxectivos e demandas da xuventude fronte o cambio climático para influír nas políticas climáticas a nivel nacional e internacional, que será presentado en YOUNGO, e terase en conta de cara á próxima Conferencia das Partes (COP) en Turquía.

Nesta xuntanza, testemuñas, destacan a importancia do traballo colaborativo, a diversidade de perspectivas da xuventude e a necesidade de desenvolver habilidades de negociación entre as distintas partes para poder lograr acordos que sexan beneficiosos para toda a sociedade e promovan a xustiza climática e social.

Axuda Humanitaria



Nenas e nenos máis expostos á trata e a explotación tras los terremotos de Venezuela

Plan International advirte de que o impacto dos terremotos vai moito máis alá dos danos materiais inmediatos, ao deixar a miles de nenos, nenas e adolescentes nunha situación de extrema vulnerabilidade fronte a delitos como a trata de persoas, o traballo forzoso e a explotación sexual. A destrución dos fogares, a perda de documentos de identidade, o colapso dos servizos básicos e o caos posterior ao desastre deixan con frecuencia a moitos menores sen a protección dos seus familias ou titores, converténdoo no obxectivo principal de redes criminais.

Neste contexto de emerxencia, a organización subliña que as nenas e os menores non acompañados son quenes corren maior risco de sufrir estas violencias. Por iso, Plan International fai un chamamento ás autoridades e organismos internacionais para que prioricen a protección da infancia desde o primeiro minuto das labores de rescate e asistencia. Isto inclúe a creación de espazos seguros e protexidos nos campos de refuxiados, a implementación de protocolos estritos de identificación e rexistro de menores, o reforzo dos sistemas de vixilancia e o restablecemento rápido da educación como contorno clave para garantir a súa seguridade e benestar.



1000 días de guerra en Gaza: a infancia segue pagando o prezo máis alto

Con motivo dos mil días transcorridos dende o inicio do conflito en Gaza, Plan International denuncia o devastador impacto que a guerra continúa tendo sobre a infancia. Con máis de 21.000 nenos e nenas falecidos, o que representa case tres de cada dez vítimas mortais, a organización alerta de que os menores seguen expostos á violencia, ao desprazamento forzado e ao trauma diario.

Ademais, máis de 600.000 estudantes continúan sen acceso á educación debido á destrución masiva de escolas, mentres miles de familias malviven en refuxios improvisados sufrindo temperaturas extremas e escaseza de subministracións básicas. Ante esta grave crise humanitaria, a entidade esixe a protección inmediata da infancia, a apertura de vías de axuda seguras e a reconstrución urxente de servizos esenciais como colexios e centros sanitarios.

Experiencias Noutros Territorios:



Creación do Consello de Nenos e Nenas de Barcelona

A creación do novo Consello da Infancia de Barcelona (*Consell d'Infants*) acadou un fito clave coa celebración do seu acto de clausura, un encontro que pecha a fase preparatoria para consolidar este espazo de participación cidadá. Coa posta en marcha desta iniciativa, a cidade busca dar un papel protagonista aos máis pequenos e pequenas, permitindo que as súas ideas e demandas sexan incorporadas de forma directa nas políticas públicas municipais.

O proxecto fundamentase no dereito dos nenos e nenas a ser escoitados e a formar parte activa da vida comunitaria. A través deste órgano, a infancia local terá a oportunidade de debater, formular propostas e propoñer melloras en ámbitos tan diversos como os espazos públicos, a convivencia ou os servizos municipais, promovendo así unha cidadanía responsable e adaptando a xestión da cidade ás súas necesidades reais.

En primeira persoa:

O Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia de Galicia reivindica a diversidade, a interculturalidade e a igualdade a través do deporte



O Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia de Galicia aproveitou as sesións de traballo desta semana para falar sobre o papel do deporte como ferramenta de transformación social, centrando o debate na interculturalidade, a diversidade e na importancia de romper cos estereotipos e cos roles tradicionais de xénero, especialmente no contexto do recente Mundial de Fútbol.

Durante o encontro, as nenas, nenos e adolescentes integrantes do Consello coincidiron en sinalar que a crecente diversidade cultural presente tanto nas seleccións nacionais como no deporte profesional constitúe un reflexo da sociedade actual e representa unha oportunidade para construír comunidades máis inclusivas, abertas e respectuosas. Na súa opinión, a interculturalidade é un valor que fortalece os países, favorece a convivencia e permite aprender das diferentes culturas, experiencias e formas de entender o mundo.

Así mesmo, destacaron que o fútbol, como un dos deportes con maior seguimento a nivel internacional, converte os seus xogadores e xogadoras en referentes para millóns de persoas, especialmente para a infancia e a mocidade. Por este motivo, consideraron especialmente relevante que as figuras públicas empreguen a súa visibilidade para defender valores como a igualdade, o respecto, a inclusión e a loita contra calquera forma de discriminación.

As persoas integrantes do Consello puxeron en valor os xestos realizados por diferentes futbolistas durante o Mundial, que contribuíron a cuestionar estereotipos de xénero historicamente asociados ao deporte e á sociedade. Consideraron que normalizar novas formas de expresar as emocións, promover relacións baseadas no respecto ou posicionarse publicamente en favor de causas sociais contribúe a educar á cidadanía en valores democráticos e igualitarios, ademais de ofrecer referentes positivos ás novas xeracións.

Ao longo da sesión tamén se abordou unha das realidades máis preocupantes asociadas ás grandes competicións deportivas: o incremento da violencia de xénero que se rexistra en distintos países coincidindo coa celebración de eventos como os mundiais de fútbol. As persoas participantes analizaron como diversos estudos internacionais veñen advertindo desde hai anos de que, durante estes campionatos, se producen aumentos nas denuncias e nos episodios de violencia machista, especialmente tras derrotas das seleccións nacionais, aínda que nalgúns contextos tamén se detectaron incrementos tras determinadas celebracións vinculadas ás vitorias.

Neste sentido, o Consello manifestou a súa preocupación por esta realidade e incidiu en que ningún resultado deportivo pode servir de xustificación para exercer ningún tipo de violencia. As nenas, nenos e adolescentes reclamaron seguir impulsando accións de sensibilización, educación en igualdade e prevención da violencia machista, facendo especial fincapé na educación emocional, na resolución pacífica dos conflitos e na promoción de modelos de masculinidade baseados no respecto e na corresponsabilidade.

Como conclusión da reunión, o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia de Galicia reafirmou o seu compromiso coa promoción dunha sociedade máis diversa, igualitaria e inclusiva, na que o deporte continúe sendo un espazo de convivencia, aprendizaxe e transmisión de valores positivos. As persoas participantes coincidiron en destacar que aproveitar a enorme capacidade de influencia do fútbol para fomentar o respecto á diversidade, combater os estereotipos de xénero e defender os dereitos humanos constitúe unha oportunidade educativa de gran valor para toda a sociedade.